

AVE, CÉSAR!

[Joel e Ethan Coen, 2016]

87

ESTREA EN NUMAX: 26.02.2016 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

Hail, Caesar! (2016, 106')

Dirección: Joel Coen, Ethan Coen

Guión: Joel Coen, Ethan Coen

Reperto: Josh Brolin, George Clooney, Scarlett Johansson, Ralph Fiennes, Tilda Swinton, Channing Tatum, Alden Ehrenreich, Frances McDormand, Jonah Hill, Christopher Lambert

Dirección de arte: Cara Brower, Dawn Swiderski

Vestuario: Mary Zophres

Son: P.K. Hooker

Música: Carter Burwell

Fotografía: Roger Deakins

Produtora: Touchstone Pictures, Mike Zoss Productions (Estados Unidos)

Distribuidora: Universal International Pictures

Formato de proxección: DCP 4K, 1.85:1

PREMIOS E FESTIVAIS

Estrea no Festival de Berlín 2016.
Sección oficial de longametraxes,
fóra de concurso.

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

A propósito de Llewyn Davis, 2013

No es país para viejos, 2007

El gran Lebowski, 1998

Fargo, 1996

Barton Fink, 1991

Muerte entre las flores, 1990

Sangre fácil, 1984

«Pese á lixeireza e o evidente desexo de xovialidade, os Coen volven ofrecer a súa faceta máis política para poñer en escena o funcionamento alienante dunha maquinaria como a hollywoodense»

Jesús Villaverde Sánchez. ESENCIA CINE

SINOPSE

Hollywood, anos 50. A época dourada da Meca do cine. Eddie Mannix é un mediador que traballa para Capital Pictures, un dos grandes estudos de Hollywood. A súa tarefa consiste en protexer a vida e a intimidade das estrelas de cine de todo tipo de problemas e rumores que poidan danar a súa reputación, mantendo os escándalos dos actores fóra do coñecemento da prensa.



AVE, CÉSAR!

[Joel e Ethan Coen, 2016]

Entrevista con Joel e Ethan Coen

por Ramin Setoodeh

Ave, César! está ambientado nos estudos de Hollywood dos anos 50. Os personaxes están baseados en persoas reais?

Ethan: É Scarlett Johansson coma Esther Williams? Non exactamente. Non sabemos gran cousa de Esther Williams.

Joel: Non somos moi bos como investigadores.

Moitas estrelas de primeira liña aparecen neste filme. Supoño que tiveron que reducir os seus emolumentos habituais.

J: Non é un segredo que nós traballamos nas marxes, en termos do tipo de filme que realizamos e o orzamento co que contamos. A meirande parte das estrelas que se consideran a si propias actores ou actrices, cando ven un material interesante no que desexan participar están dispostas a adaptarse ás nosas condicións.

Permitides que os vosos actores improvisen?

J: Poden improvisar todo canto queiran, mais non significa que iso vaia saír no filme. Ás veces os actores son máis fieis ao texto ca nós propios. Lembro a Bill Macy en *Fargo* (1996) loitando cunhas liñas que tiñan un par de trabalinguas. Eu dicíalle, «Billy, iso está aí precisamente para indicar que tes problemas para atopar as palabras». Mais el teimaba: «Non, quero dicir exactamente o que hai aí escrito».

Dirixides moito os actores? E: Non tal. Como dixo Billy Bob Thornton, que tamén é director, «se tes que falar de máis cun actor pode que non fixeras o casting axeitado».

Cando coñecestes a Clooney por vez primeira?

E: Ofrecémoslle participar en *O Brother!* (2000) sen coñecelo antes. El dixo: «Xenial, quedamos e mirámolo». Fomos a Phoenix, Arizona, pois el estaba a gravar *Tres reyes* [David O. Russell, 1998] por alí preto. Pensamos nel porque é divertido. Virámolo en *Un romance muy peligroso* [Steven Soderbergh, 1998].

Varios dos vosos filmes inclúen secuestros: *Fargo*, *Arizona Baby* (1987), *El gran Lebowski* (1998) e agora *Ave, César!*

J: Non sei por que. Non todas ben diferentes. Seguramente deberíamos deixar de facelo por un tempo.

Que acontece cando non estades de acordo?

J: Como dicía David Lean: «Non somos como profesores ingleses metidos no seu tobo, este é un traballo social». E: Discutir é o mínimo que podemos facer. J: Moitos cineastas, se falan co director de fotografía, a cousa queda entre eles dous. No noso caso pode haber unha chea de xente a falar.

Comezastes a facer filmes sendo adolescentes en Minnesota cunha cámara de Súper 8. Como eran?

J: Eran como *remakes* do que viamos na televisión. E: Viamos filmes do período máis merdento da historia de Hollywood. Os 60 achegaban un material bastante pobre. J: *Suave como el visón* [Delbert Mann, 1962] converteuse nun filme importante para nós. Mais tamén *Lecciones de amor en Suecia* [Frederick de Cordova, 1965], *Tempestad sobre Washington* [Otto Preminger, 1962]. De cando en vez iamos ver *El halcón maltés* [John Huston, 1941] e era un acontecemento. Viamos unha chea de material que programaba un tipo de Minneapolis que tiña o catálogo de Joseph E. Levine. Era moi ecléctico. Podíamos ver un filme sobre Hércules un día e ao seguinte *8½* [Federico Fellini, 1963]. E esa mestura de altos e baixos tocounos.

Como vos gusta ver os filmes?

J: En salas de cinema. Non vemos tantos filmes como adoitabamos. Agora hai un costume moi molesto na Academia que consiste en enviar toda caste de material en DVD, e coido que é pernicioso, pois leva á comodidade. Cando un dedica moito tempo e esforzo para acadar unha determinada imaxe en pantalla grande é terríbel que a xente a vexa na pequena pantalla.

***Fargo* [Noah Hawley, 2015] converteuse nun éxito televisivo aclamado pola crítica. Considerastes a posibilidade de dirixir para televisión?**

E: Coido que non. Realmente xa non estou seguro do que é a televisión. HBO dáche diñeiro e pode que logo estreen en salas de cinema ou na televisión.

J: É como o que falaba antes dos DVD's que reparte a Academia e a xente ve no seu televisor. Iso non me converte nun director para televisión?

Atopámonos no negocio das secuelas nestes momentos. E: A xente vai cara a aí. Nós somos un par de vellos rosmando sobre os bos vellos tempos.

Extraído de: <http://variety.com/2016/film/features/coen-brothers-hail-ceasar-george-clooney-1201695058/>

Tradución: Xan Gómez Viñas

NA NOSA LIBRARÍA

Un imperio propio. *Cómo los judíos inventaron Hollywood*. Neal Gabler. Confluencias, 2015

***La fábrica de sueños. Ilya Ehrenburg*. Melusina, 2008**

***Valor de ley*. Paramount. [DVD]**

***No es país para viejos*. Paramount [DVD]**

***Sangre fácil*. Versus [DVD]**

***Fargo*. MGM [BluRay]**

***Muerte entre las flores / Fargo*. MGM [BluRay]**

***Fargo (Primera temporada)*. Noah Hawley. 20th Century Fox [DVD]**

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org